

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE EMPREGO E SEGURIDADE SOCIAL

2309 *Real decreto 156/2013, do 1 de marzo, polo que se regula a subscrición de convenio especial polas persoas con discapacidade que teñan especiais dificultades de inserción laboral.*

O punto 3 da disposición adicional segunda da Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema de seguridade social, encomenda ao Goberno a regulación dunha nova modalidade de convenio especial que deberán subscribirán as persoas con discapacidade que teñan especiais dificultades de inserción laboral, para os efectos da cobertura das prestacións por xubilación e por morte e supervivencia.

Mediante este real decreto procédese a regular as condicións de inclusión na Seguridade Social do citado colectivo, a través do instituto xurídico do convenio especial, delimitando o seu ámbito de aplicación e fixando as súas características e especialidades en materia de procedemento, efectos, acción protectora e cotización.

No seu proceso de elaboración, o real decreto foi sometido a consulta das organizacións representativas das persoas con discapacidade e as súas familias, tanto a través do Consello Nacional da Discapacidade como de forma directa, ao abeiro do artigo 24.1.c) da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno.

Este real decreto dítase en exercicio das facultades conferidas polo punto 3 da disposición adicional segunda da Lei 27/2011, do 1 de agosto.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Emprego e Seguridade Social, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 1 de marzo de 2013,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Ámbito de aplicación do convenio especial.*

1. Poderán solicitar a subscrición do convenio especial regulado neste real decreto as persoas que cumpran os seguintes requisitos:

a) Ter dezaoito ou máis anos de idade e non ter cumprida a idade mínima para a xubilación ordinaria establecida no artigo 161.1 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño.

b) Residir legalmente en España e telo feito durante cinco anos, dos cales dous deberán ser inmediatamente anteriores á data da solicitude de subscrición do convenio especial.

c) Ter recoñecida unha discapacidade que implique especiais dificultades de inserción laboral.

Para os efectos deste real decreto, terán esta consideración:

1.º As persoas con parálise cerebral, as persoas con enfermidade mental ou as persoas con discapacidade intelectual, cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 33 por cento.

2.º As persoas con discapacidade física ou sensorial cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 65 por cento.

d) Non figurar en alta ou en situación asimilada á de alta en calquera dos réximes do sistema da Seguridade Social nin en calquera outro réxime público de protección social.

e) Estar inscritas nos servizos públicos de emprego como persoas desempregadas demandantes de emprego por un período mínimo de seis meses inmediatamente anteriores á data da solicitude de subscrición do convenio especial.

f) Non ter a condición de pensionistas de xubilación ou de incapacidade permanente, na súa modalidade contributiva, nin de xubilación na súa modalidade non contributiva, nin percibir pensións equivalentes en calquera outro réxime público de protección social.

2. Para a subscrición do convenio especial non será necesario acreditar un período de cotización previo á Seguridade Social.

Artigo 2. *Regras de procedemento.*

1. A solicitude do convenio especial e a súa subscrición poderá realizala directamente o interesado, de ter plena capacidade de obrar, ou quen exerza a súa representación legal, noutro caso, nos termos previstos no Código civil.

2. A solicitude formularase mediante o modelo oficial que estableza a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e irá dirixida á dirección provincial do dito servizo común ou Administración da Seguridade Social correspondente ao domicilio do solicitante, aínda que a súa presentación se poderá efectuar en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou mediante o procedemento electrónico que determine a Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

3. A acreditación dos requisitos exixidos nas alíneas a) e b) do artigo 1.1 así como, de ser o caso, da identidade do representante legal poderase realizar mediante autorización expresa á Tesouraría Xeral da Seguridade Social para comprobar os datos de identidade e do domicilio e residencia en España, a través da consulta dos sistemas de verificación de datos de identidade e de datos de residencia, previstos, respectivamente, nos reais decretos 522/2006 e 523/2006, ambos do 28 de abril, polos que se suprime a achega de fotocopias de documentos de identidade e a exixencia de presentar o certificado de empadramento, como documento probatorio do domicilio e residencia, nos procedementos administrativos da Administración xeral do Estado e dos seus organismos públicos vinculados ou dependentes.

En defecto das referidas autorizacións, deberase xuntar á solicitude unha fotocopia compulsada do documento identificativo do interesado así como do certificado da súa alta no padrón municipal correspondente e, no caso de cidadáns estranxeiros, da documentación acreditativa do tempo de residencia legal e continuada en España.

4. Os tipos de discapacidade, así como o seu grao, indicados no artigo 1.1.c), acreditaranse mediante resolución ou certificado emitido polas direccións territoriais do Instituto de Maiores e Servizos Sociais en Ceuta e Melilla ou polo órgano competente da comunidade autónoma correspondente, que se deberá presentar xunto coa respectiva solicitude.

Pola súa banda, a inscrición como persoa desempregada demandante de emprego acreditarase mediante certificado emitido polo Servizo Público de Emprego Estatal ou polo servizo público de emprego da respectiva comunidade autónoma e achegarase tamén xunto coa solicitude do convenio.

5. A condición de representante legal deberase acreditar, por calquera medio válido en dereito, cando a solicitude a formule unha persoa distinta do interesado.

6. A resolución sobre a procedencia de celebrar o convenio especial, que lle corresponderá ao titular da unidade con competencia en materia de inscrición e afiliación da dirección provincial ou Administración competente para tramitar a respectiva solicitude, deberase ditar e notificar dentro dos tres meses seguintes á data en que esta tivese entrada no rexistro da dita dirección provincial ou Administración. Transcorrido o dito prazo sen que se dite resolución expresa, a solicitude poderase entender estimada por silencio administrativo, de conformidade co establecido na disposición adicional vixésimo quinta.3 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social.

A resolución a que se refire o parágrafo anterior, que non porá fin á vía administrativa, así como os demais actos da Tesouraría Xeral da Seguridade Social relativos ao convenio especial regulado neste real decreto, poderán ser impugnados na forma, prazos e demais condicións establecidos no capítulo II do título VII da Lei 30/1992, do 26 de novembro, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 3. *Efectos.*

1. A subscrición do convenio especial determinará, desde a súa data de efectos, a inclusión no campo de aplicación do réxime xeral da Seguridade Social nunha situación asimilada á de alta para a cobertura das prestacións que se indican no artigo 4.

2. O convenio especial producirá efectos desde o día da presentación da respectiva solicitude, nos termos indicados no artigo 2.2.

Artigo 4. *Acción protectora.*

A situación de asimilación á alta a que se refire o artigo anterior será para efectos das prestacións de xubilación e de morte e supervivencia.

Artigo 5. *Cotización.*

1. A cotización á Seguridade Social será obrigatoria desde a data de efectos do convenio especial e mentres este se mantéña en vigor.

2. A base mensual de cotización por este convenio especial estará constituída polo tope mínimo de cotización vixente en cada momento no réxime xeral da Seguridade Social.

A esa base de cotización aplicaráselle o tipo de cotización para continxencias comúns vixente en cada momento no réxime xeral da Seguridade Social, sen prexuízo de que o dito tipo se poida modificar mediante disposición de rango legal, atendendo a criterios de contributividade deste convenio especial.

O importe resultante reducirase mediante a aplicación do coeficiente que determine anualmente o titular do Ministerio de Emprego e Seguridade Social e o resultado será a cota mensual que se vai ingresar.

3. Cando os efectos iniciais ou finais do convenio especial non coincidan co día primeiro ou último do mes, respectivamente, a cota mensual dividirase entre 30 e o cociente resultante multiplicarase polos días do mes en que este tivese efectos.

Artigo 6. *Aplicación supletoria da Orde TAS/2865/2003, do 13 de outubro, pola que se regula o convenio especial no sistema da Seguridade Social.*

As previsións relativas á subscrición do convenio especial, aos suxeitos responsables do cumprimento da obriga de cotizar e ao prazo regulamentario para o seu ingreso, así como á súa suspensión e extinción, contidas nos artigos 4.2, 8 e 10 da Orde TAS/2865/2003, do 13 de outubro, pola que se regula o convenio especial no sistema da Seguridade Social, resultarán de aplicación ao convenio especial regulado neste real decreto.

Disposición adicional única. *Coeficiente redutor aplicable no ano 2013.*

Sen prexuízo do previsto no artigo 5, durante o ano 2013 o coeficiente redutor da cotización aplicable no convenio especial regulado neste real decreto queda establecido no 0,89.

Disposición transitoria única. *Efectos do convenio especial durante o ano 2013.*

Durante o ano 2013 e á opción do solicitante, este convenio especial poderá producir efectos a partir da data de presentación da respectiva solicitude ou a partir da data de entrada en vigor deste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.17.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de réxime económico da Seguridade Social.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento regulamentario.*

Facúltase a ministra de Emprego e Seguridade Social para ditar cantas disposicións de carácter xeral resulten necesarias para a aplicación e o desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O disposto neste real decreto entrará en vigor o día primeiro do mes seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 1 marzo de 2013.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Emprego e Seguridade Social,
FÁTIMA BÁÑEZ GARCÍA